

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 16 de xullo de 2026 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2026, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 en réxime de concorrência non competitiva (código de procedemento IG408F).

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), na súa xuntanza do día 22 de xuño de 2026, acordou, por unanimidade dos seus membros asistentes, aprobar as bases reguladoras das axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2026, e facultou a persoa titular da Dirección Xeral do Igape para a súa convocatoria, aprobación dos créditos e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:**Primeiro. *Publicación e convocatoria das bases reguladoras***

Publicar as bases reguladoras das axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2026, e convocar para os anos 2026 e 2027 as axudas en réxime de concorrência non competitiva (código de procedemento IG408F).

Segundo. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará a computar o sexto (6) día hábil posterior ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ás 9.00 horas e rematará o 16 de decembro de 2026 ás 14.00 horas, agás que antes desa data se produza o esgotamento do crédito.



Terceiro. *Dotación orzamentaria*

O crédito dispoñible para concesión nesta convocatoria aboarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e polos seguintes importes e distribución plurianual, logo de existencia de crédito adecuado e suficiente:

Partida orzamentaria	Ano 2026	Ano 2027	Total
09.A1.741A.7700	50.000 €	1.950.000 €	2.000.000 €

A persoa titular da Dirección Xeral do Igape poderá ampliar o crédito, logo de declaración da súa dispoñibilidade, como consecuencia das circunstancias establecidas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Decreto 11/2009), mediante resolución publicada para o efecto.

Cuarto. *Prazo de duración do procedemento*

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres (3) meses desde a recepción no rexistro do Igape da solicitude de axuda.

Quinto. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*. A cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos de publicar as subvencións concedidas na Base de datos nacional de subvencións, non requirirá o consentimento da persoa beneficiaria.

Sexto. Os requisitos das letras c), e), f), i), k), m) e n) do artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007), indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2026

Covadonga Toca Carús
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

CVE-DOG: mzmhehm6-sis2-jbk3-cgc3-kjxhh0c1p1g3



ANEXO**Bases reguladoras das axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2026**

O Igape é o instrumento básico de acción da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, planeando e executando as actuacións do goberno autónomo para o apoio aos investimentos considerados estratéxicos no ámbito de Galicia.

De forma continuada, durante máis de trinta (30) anos o Igape vén apoiando o acceso ao financiamento das pemes con axudas en forma de garantía e subvencións de gastos financeiros, promovendo diversas liñas para cubrir necesidades específicas.

O sector do viño en Galicia ten unha gran importancia económica e social, en particular no relativo á elaboración de viños de calidade diferenciada, xa que conta con cinco denominacións de orixe protexidas (DOP) e catro indicacións xeográficas protexidas (IXP), ás cales están acollidas 13.400 viticultores e 479 adegas, cun valor económico estimado do viño comercializado superior aos 200 millóns de euros.

Polas particulares características da actividade económica das adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas, requírese un importante volume de financiamento. O longo período de elaboración e a necesidade de afrontar o pagamento das colleitas nun prazo máximo de trinta (30) días desde a validación formal da colleita por parte dos consellos reguladores fan imprescindible dispor de financiamento bancario recorrente para as campañas, que ten a consideración de capital circulante estrutural.

A crise causada pola COVID-19 neste sector foi paliada mediante instrumentos financeiros que permitiron aprazar os pagamentos das colleitas dos anos 2020 e 2021. Estes instrumentos son reintegrables e deben ser amortizados en prazos de cinco (5) anos, polo que teñen que ser afrontados xunto cos gastos e aprovisionamentos destes exercicios. Unido ao anterior, o actual contexto de incerteza pola imposición de aranceis e de alteracións no mercado financeiro fai que o custo de financiar a actual campaña supoña un importante lastre para a tesouraría, ademais de dificultades de acceso ao crédito, afectando a competitividade das adegas, e podendo chegar a impedir que os viticultores cobren a colleita nos prazos estipulados.

Mediante resolucións do 16 de outubro de 2023, do 12 de setembro de 2024 e do 23 de xullo de 2025 deuse publicidade ás bases reguladoras das axudas do Igape para facilitar



o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para as campañas 2023, 2024 e 2025, que permitiron bonificar no ano 2025 operacións financeiras en 39 adegas, mobilizado un volume de financiamento cerca de 11 millóns de euros. Coas presentes bases reguladoras darase continuidade a estas axudas, que pretenden, por unha banda, paliar o custo do financiamento da adquisición da colleita e, por outra, facilitar o acceso ao crédito ás adegas, fomentando a participación das sociedades de garantía recíproca (SGR), que avalen o 100 % das operacións.

A convocatoria destas axudas deberá ser obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Igape.

A tramitación destas axudas exclúe a concorrência competitiva con base no establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, por canto serán subvencionables todos os proxectos que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras, ata o esgotamento do crédito.

Xustifícase a excepcionalidade por canto neste caso non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial de apoiar calquera operación financeira que, cumprindo os requisitos especificados nas presentes bases, supoña dotar as adegas beneficiarias da liquidez necesaria para poder financiar a adquisición da colleita de uva para elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2026.

Así mesmo, a concorrência non competitiva é o mecanismo que permite que os proxectos subvencionables poidan ser atendidos coa debida dilixencia e en todo momento, mantendo a posibilidade de prazos de solicitude máis dilatados no tempo.

Artigo 1. *Obxecto*

Estas bases regulan as condicións e o procedemento de tramitación das axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2026.

Artigo 2. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser persoas beneficiarias das axudas reguladas nestas bases as empresas que teñan, polo menos, un centro de traballo en Galicia, e que sexan titulares de adegas



de elaboración de viño (CNAE 1102), acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas.

2. As empresas poderán ser persoas físicas ou xurídicas. Tamén poderán ter a condición de persoas beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens, as sociedades civís, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, cumpran os requisitos do anterior número 1.

Neste caso de agrupacións, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da axuda que se vai aplicar por cada un deles, que terán, igualmente, a consideración de persoas beneficiarias. En calquera caso, deberá nomearse unha persoa representante ou apoderada única con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como persoa beneficiaria, lle correspondan á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro (4) anos previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007. A operación financeira deberá estar formalizada a nome da entidade, e deberá ser asinada por cada un dos seus membros.

No caso das cooperativas, o préstamo poderá estar asinado por un representante da entidade, logo de autorización dela, ou polos cooperativistas, que asumirán a débeda en proporción á súa porcentaxe de participación.

3. Non poderán ter a condición de persoas beneficiarias:

a) As empresas suxeitas a unha orde de recuperación de axudas, consecuencia dunha decisión da Comisión Europea.

b) As empresas inmersas nun procedemento de insolvencia, ou que reúnan os requisitos para someterse a un procedemento de insolvencia por petición dos seus acredores. En particular, entenderanse nesta situación ao atoparse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, ou cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 2.4 do Real decreto lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal. Tamén se encadrarán neste suposto aquelas empresas que estean en proceso de negociación cos seus acredores ao abeiro do Libro segundo do Real decreto lexislativo 1/2020, salvo que adquirise eficacia un plan de reestruturación.

c) As entidades en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007.

CVE-DOG: mzmehm6-sis2-jbk3-cgc3-kjxhh0c1p1g3



d) As empresas que incumpran os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (en diante, Lei 3/2004), para subvencións de importe superior a 30.000 €, cando os solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004.

Artigo 3. *Características da axuda do Igape*

1. A axuda consistirá na subvención das comisións e xuros aplicados polas entidades bancarias, e sociedades de garantía recíproca, se é o caso, nas operacións de préstamo necesarias para o financiamento da adquisición da colleita de uva do ano 2026, por parte dos titulares de adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas. Para tal efecto, considérase que serán susceptibles de apoio os préstamos formalizados entre o 1 de setembro de 2026 e o 30 de decembro de 2026, incluíndo as operacións aprobadas pendentes de formalizar no momento da solicitude.

2. Os préstamos subvencionados destinaranse ao pagamento pola adquisición de uva a terceiros na campaña 2026, destinada á súa vinificación na propia adega.

Só serán financiáveis os pagamentos aos provedores de uva realizados a partir da data de formalización dos préstamos subvencionados.

Os provedores non poderán estar asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, entendéndose que existe vinculación se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e o artigo 43.2 do Decreto 11/2009; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos puntos 2 e 3, respectivamente, do artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) núm. 651/2014 (RXEC).

As entregas de uva ás cooperativas agrarias e outras entidades asociativas por parte dos seus socios, cando isto sexa obrigatorio en virtude dos seus estatutos, terán tamén a consideración de uva adquirida a terceiros.

3. Para ter dereito á subvención, as operacións financeiras de préstamo, e os seus avais de SGR de ser o caso, deberán cumprir coas seguintes condicións:

a) Para o caso dos préstamos avalados por SGR:

Condicións dos préstamos:

– Prazo de vixencia de tres (3) anos, incluíndo un mínimo de seis (6) meses de carencia.



– Tipo de xuro fixo máximo durante o primeiro ano será determinado con base no euríbor a doce (12) meses + ata 2,50 %; o resto da vida do préstamo poderá ser determinado en función do estipulado nos convenios bilaterais entre a entidade bancaria e a SGR.

– Comisión á formalización máximo do 0,5 %

– Comisión por amortización anticipada 0 %.

– Garantía: aval da SGR polo 100 %.

Condicións dos avais das SGR:

– Comisión de apertura e/ou estudo 0,5 % do principal.

– Comisión de aval anual 1,25 %.

– Comisión de amortización anticipada 0 %.

– A SGR poderá tomar garantías adicionais aos reavais públicos, agás o peñoramento de depósitos do titular que detraian liquidez á titular.

– Dúas ou máis SGR poderán coavalgar unha operación de préstamo subvencionable, nas condicións que elas acorden, pero en ningún caso as comisións cobradas superarán conxuntamente as porcentaxes antes relacionadas.

b) Para o caso dos préstamos sen aval de SGR:

– Prazo de vixencia mínimo de un (1) ano, incluíndo un mínimo de seis (6) meses de carencia.

– Tipo de xuro fixo máximo durante o primeiro ano será determinado con base no euríbor a doce (12) meses + ata 2,50 %; o resto da vida da operación poderá fixarse libremente entre as partes.

– Comisión á formalización máximo do 0,5 %.

– Comisión por amortización anticipada 0 %.

– A entidade financeira poderá tomar garantías reais e/ou persoais, agás o peñoramento de depósitos do titular que detraian liquidez á titular.



As operacións de préstamo non poderán incluír comisións adicionais, agás a comisión de reclamación de posicións debedoras.

4. A base subvencionable que será utilizada para determinar a contía da axuda será a menor das seguintes:

a) A suma dos importes dos préstamos formalizados e/ou dispostos nas operacións de financiamento por cada persoa beneficiaria, que cumpran os requisitos dos puntos anteriores, e que fosen relacionados na solicitude da axuda.

b) O importe total de uva adquirida a terceiros na campaña 2026 das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, incluíndo o IVE correspondente.

5. O importe da axuda será o resultado de sumar os seguintes conceptos:

– Un máximo do 0,5 % da base subvencionable, co límite da comisión de apertura e formalización cobrada pola entidade de crédito.

– Un máximo do 0,5 % da base subvencionable, co límite da comisión de apertura e estudo cobrada pola sociedade de garantía recíproca que avale a operación. No caso de préstamos sen aval de SGR, a subvención por concepto será de 0 €.

– Un máximo do 1,25 % da base subvencionable, co límite da comisión de aval cobrada pola sociedade de garantía recíproca que avale a operación. No caso de préstamos sen aval de SGR, a subvención por concepto será de 0 €.

– Un máximo do 5 % da base subvencionable, como de estimación de xuros correspondentes ao primeiro ano de vixencia do/dos préstamo/s.

6. Compatibilidade e límites.

As axudas financeiras que se concedan ao abeiro destas bases terán a consideración de axuda *de minimis* e cumprirán co establecido no Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L, do 15 de decembro).

A concesión das axudas destas bases queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, á da Unión Europea. Neses termos, serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada, pero, en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con



outras, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos pola Unión Europea. As axudas *de minimis* totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar 300.000 € nos tres anos previos á concesión da axuda.

A solicitude e obtención doutras axudas ou subvencións *de minimis* deberá comunicarse ao Igape tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento da solicitude da axuda. O incumprimento do disposto neste punto considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

7. No caso de que a axuda calculada conforme o punto 5 supere os límites indicados no punto 6, axustarase o importe total da axuda bruta aos ditos límites. Será causa de dene-gación se as axudas *de minimis* xa percibidas nos tres anos previos á concesión da axuda superan os ditos límites.

8. Será de obrigado cumprimento por parte das persoas beneficiarias dar publicidade á axuda concedida colocando un cartel tamaño A4 como mínimo, ou pantalla electrónica equivalente, na entrada das instalacións, segundo o modelo do anexo IV.

Artigo 4. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. Para presentar a solicitude, a persoa ou entidade solicitante deberá cubrir previa-mente un formulario electrónico descritivo das circunstancias da persoa ou entidade solicitante e do proxecto a través da aplicación establecida no enderezo da internet <https://spiga-sede.igape.es>. Deberá cubrir, necesariamente, todos os campos estable-cidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de axuda.

2. A solicitude presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do for-mulario normalizado (anexo I), que se obterá de xeito obrigatorio na aplicación informática <https://spiga-sede.igape.es>, tamén accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas cales este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) non serán tra-mitadas, e concederáselles ás persoas ou entidades solicitantes un prazo de dez (10) días hábiles para a súa emenda, transcorrido o cal se terán por desistidas da súa petición, logo de resolución de arquivo.



Considérase que todas as persoas ou entidades solicitantes, ao exercer unha actividade económica, dispoñen de ferramentas informáticas cun coñecemento básico do seu funcionamento, polo que queda acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade aos medios electrónicos necesarios.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, Lei 39/2015), se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. Para poder presentar a solicitude por medios electrónicos, as persoas ou entidades solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) As solicitudes subscribiranas directamente as persoas interesadas ou a persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito.

b) Ter en vigor un certificado dixital dos validados pola plataforma @firma da Administración xeral do Estado (<http://administracionelectronica.gob.es/PAe/aFirma-Anexo-PSC>).

Unha vez asinado o formulario de solicitude, mediante certificado dixital, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia. No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación.

4. Unicamente será admitida unha solicitude por persoa beneficiaria na convocatoria, que estará referida a todas as operacións de préstamo subvencionables desta campaña. No caso de que unha mesma persoa beneficiaria presente máis dunha solicitude, entenderase que renuncia a todas as previamente por ela presentadas, que serán obxecto de arquivamento sen máis trámite.

Artigo 5. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Para subvencións de importe superior a 30.000 €, deberá acreditarse o cumprimento dos prazos de pagamento que se establecen na Lei 3/2004, do seguinte xeito:

– As persoas físicas e xurídicas que, de acordo coa normativa contable, poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante certificación subscribida pola persoa



física ou, no caso de persoas xurídicas, polo órgano de administración ou equivalente, con poder de representación suficiente, en que afirmen alcanzar o nivel de cumprimento dos prazos de pagamento previstos na citada Lei 3/2004. Poderán tamén acreditar esta circunstancia por algún dos medios de proba previstos no punto seguinte e con suxeición á súa regulación.

– As persoas xurídicas que, de acordo coa normativa contable, non poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante:

1º. Certificación emitida por auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas que conteña unha transcripción desagregada da información en materia de pagamentos descrita na memoria das últimas contas anuais auditadas, cando delas se desprenda que se alcanza o nivel de cumprimento dos prazos de pagamento establecidos na Lei 3/2004, determinado neste punto, con base na información requirida pola disposición adicional terceira da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004.

Esta certificación será válida ata que resulten auditadas as contas anuais do exercicio seguinte.

2º. No caso de que non sexa posible emitir o certificado a que se refire o número anterior, «Informe de procedementos acordados», elaborado por un auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que, con base na revisión dunha mostra representativa das facturas pendentes de pagamento a provedores da sociedade a unha data de referencia, conclúa sen a detección de excepcións ao cumprimento dos prazos de pagamento da Lei 3/2004, ou no caso de que se detectasen, estas non impidan alcanzar o nivel de cumprimento requirido no punto segundo da letra d) da disposición derradeira sexta da Lei 18/2022, do 28 de setembro, de creación e crecemento de empresas.

Calquera financiamento que permita a cobranza anticipada da empresa provedora considerárase válida a efectos do cumprimento deste punto, a condición de que o seu custo sexa por conta do cliente e se faga sen posibilidade de recurso ao provedor en caso de falta de pagamento.

b) Comunicación/s por parte da/das entidade/s bancaria/s da/das operación/s concedida/s para adquisición de uva, coa seguinte información mínima:

- Titular da operación.
- Prazo de vixencia.



- Prazo de carencia.
- Calendario de amortización previsto.
- Importe concedido.
- Tipo de xuro fixo aplicable durante o primeiro ano de vixencia.
- Comisión de formalización.
- Data de formalización.
- Importe disposto.

c) Comunicación/s da/das SGR/s do/dos aval/is concedido/s, de ser o caso, coa seguinte información mínima:

- Titular da operación.
- Importe avalado.
- Entidade de crédito ante quen se presta o aval.
- Vixencia do aval.
- Comisión de apertura e/ou estudo.
- Comisión de aval anual.
- Data de formalización.

d) Declaración responsable da persoa beneficiaria relativa ao importe total de uva adquirida a terceiros na campaña 2026 das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, incluíndo o IVE correspondente.

e) Anexo II de Comprobación de datos de terceiras persoas interesadas, se é o caso.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.

CVE-DOG: mzmhehm6-sis2-jbk3-cgc3-kjxhh0c1p1g3



Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 6. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI/NIE da persoa solicitante ou, se é o caso, de cada un dos socios da comunidade de bens.

b) DNI/NIE da persoa representante.

c) NIF da entidade solicitante.

d) NIF da entidade representante.

e) Imposto de actividades económicas (IAE) da persoa ou entidade solicitante.

f) Certificado de estar ao día das obrigas tributarias coa AEAT da persoa ou entidade solicitante ou, se é o caso, de cada un dos socios da comunidade de bens.

g) Certificado de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social da persoa ou entidade solicitante ou, se é o caso, de cada un dos socios da comunidade de bens.

h) Certificado de estar ao día no pagamento coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia da persoa ou entidade solicitante ou, se é o caso, de cada un dos socios da comunidade de bens.

i) Certificado da renda da persoa solicitante do último exercicio ou, se é o caso, de cada un dos socios da comunidade de bens.

CVE-DOG: mzmhehm6-sis2-jbk3-cgc3-kjxhh0c1p1g3



j) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas da persoa ou entidade solicitante ou, se é o caso, de cada un dos socios da comunidade de bens.

k) Consulta de subvencións e axudas públicas afectadas pola regra *de minimis* da persoa ou entidade solicitante ou, se é o caso, de cada un dos socios da comunidade de bens.

l) Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas da persoa ou entidade solicitante ou, se é o caso, de cada un dos socios da comunidade de bens.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude (anexo I) ou no de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas (anexo II) e achegar os documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 7. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas ou entidades solicitantes deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser realizados telematicamente accedendo ao enderezo da internet <https://spiga-sede.igape.es>

Artigo 8. *Instrución dos procedementos*

1. A instrución e a resolución do procedemento basearase nas declaracións contidas no formulario e documentación complementaria presentada.

2. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, se o formulario de solicitude non reúne os datos exixidos, o Igape requirirá a persoa ou entidade solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles desde o seguinte ao requirimento emende a falta, con indicación de que en caso contrario, teráselle por desistido da súa petición, e arquívase o expediente logo da correspondente resolución.

Artigo 9. *Resolución*

1. Unha vez verificado o cumprimento pola solicitude dos requisitos establecidos nestas bases, a persoa titular da Dirección da Área de Financiamento elevará a proposta de



resolución á persoa titular da Dirección Xeral do Igape, que resolverá por delegación do Consello de Dirección.

A persoa titular da Dirección da Área de Financiamento é o órgano competente para resolver o arquivo, as desistencias e a renuncia de dereitos nos expedientes tramitados na súa área, nos casos previstos na lexislación vixente, por delegación do Consello de Dirección.

2. Na resolución de concesión farase constar o importe da base subvencionable, o importe da subvención concedida e o prazo de xustificación. Informarase á persoa beneficiaria sobre o carácter *de minimis* da axuda, facendo unha referencia expresa e completa ao Regulamento (UE) num. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis*.

3. Na resolución denegatoria farase constar o motivo da denegación. Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto no artigo 50 e seguintes da Lei 9/2007.

4. De acordo coas características do programa, o procedemento de concesión tramitarase en concorrencia non competitiva. As solicitudes resolveranse por orde de entrada das solicitudes completas no Igape, e ata esgotarse as dispoñibilidades orzamentarias aprobadas, circunstancia que se publicará mediante resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape www.igape.gal. O esgotamento do crédito levará á inadmisión de posteriores solicitudes.

Artigo 10. *Notificación, silencio administrativo e recursos*

1. As notificacións das resolucións e dos actos administrativos do procedemento practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (en diante, Lei 4/2019), as notificacións electrónicas practícaranse a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

CVE-DOG: mzmhehm6-sis2-jbk3-cgc3-kjxhh0c1p1g3



De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Entenderase rexeitada cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, o Igape practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será o establecido na resolución da convocatoria. O dito prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 22 da Lei 39/2015. Transcorrido tal prazo sen que se notifique resolución expresa, poderá entenderse desestimada.

3. As resolucións ditadas ao abeiro destas bases poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Potestativamente, recurso previo de reposición:

– Ante a persoa titular da Dirección da Área de Financiamento no caso de recursos de reposición contra as resolucións de arquivo.

– Ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, no caso de recursos de reposición contra as resolucións de concesión ou denegación das axudas, por delegación do Consello de Dirección do Igape.

En ambos casos, o prazo para interpoñer o recurso será dun (1) mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo co establecido nestas bases reguladoras, se produza o acto presunto.

CVE-DOG: mzmhehm6-sis2-jbk3-cgc3-kjxhh0c1p1g3



b) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, ou no prazo de seis (6) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 11. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, Lei 1/2016), e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada Lei.

Artigo 12. *Xustificación e liquidación da axuda*

1. Dentro dos prazos previstos na resolución de concesión, que será en todo caso con data límite 30.6.2027, as persoas beneficiarias deberán presentar a xustificación das finalidades ás que foron aplicadas, xunto coa acreditación do cumprimento da obriga de publicidade do financiamento público citada no artigo 3.8 destas bases, segundo modelo que figura como anexo III. A presentación da xustificación será tamén solicitude de cobramento da axuda.

Para iso deberán cubrir previamente o formulario electrónico de xustificación a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet <https://spiga-sede.igape.es>. Deberanse cubrir necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL), que identificará univocamente a solicitude de xustificación, que será tamén solicitude de cobramento.

A solicitude de xustificación presentase mediante o formulario normalizado que a título informativo figura como anexo III a estas bases, que se obterá de xeito obrigatorio na aplicación informática <https://spiga-sede.igape.es>, tamén accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, e no cal será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do



IDEL ou nas cales este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas, logo de requirimento realizado para o efecto.

Unha vez xerada a solicitude de xustificación, que será tamén a solicitude de cobramento, a persoa beneficiaria deberá presentala por vía electrónica.

2. Para axudas de importe inferior a 30.000 €, o sistema de xustificación será a conta xustificativa simplificada prevista no artigo 51 do Decreto 11/2009, incluíndo no formulario de xustificación os datos esixidos no devandito artigo.

O Igape poderá requirirllas ás persoas beneficiarias a remisión dos xustificantes das finalidades dos préstamos seleccionados con base en técnicas de mostraxe, comprobándose para estes efectos polo Igape un mínimo do 10 % dos expedientes.

Cando das comprobacións realizadas non se acade a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da axuda, o Igape procederá a requirirllas ás persoas beneficiarias a totalidade dos documentos xustificativos.

3. Para axudas de importe igual ou superior a 30.000 €, e de conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, as persoas beneficiarias deberán achegar xunto coa solicitude de xustificación, as copias dixitalizadas do contrato de financiamento e as facturas e xustificantes de pago por compra de uva. A persoa beneficiaria responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitarlle, de maneira motivada, que presente unha copia autenticada electrónica.

Artigo 13. *Pagamento das subvencións dos gastos financeiros*

Unha vez completada a xustificación conforme ao sinalado no artigo 12 anterior, o Igape procederá ao pagamento da subvención.

Artigo 14. *Modificacións*

1. A persoa beneficiaria queda obrigada a comunicarlle ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente á execución dos fins para os que foi concedida a axuda. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para a mesma operación no momento en que sexa comunicada calquera concesión e sempre coa presentación da solicitude de xustificación e/ou de cobramento.



A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, ou á súa revogación, no caso de que os ditos cambios supoñan o incumprimento dos requisitos establecidos para os proxectos ou para a persoa beneficiaria.

2. A persoa beneficiaria da axuda poderá solicitar, de forma motivada, a modificación da resolución.

3. No caso de que a modificación afecte os datos declarados no formulario, deberá cubrir previamente un novo formulario na aplicación informática e obter un novo código IDE. Este IDE incluírase na solicitude de modificación que se dirixirá á persoa titular da Dirección Xeral do Igape.

4. A persoa titular da Dirección Xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección, poderá acordar as modificacións da resolución nos aspectos tidos en conta para a concesión da axuda relativos ao importe e características da/das operación/s financeira/s atendible/s, se é o caso, e titularidade, sempre que a modificación non prexudique a terceiros, e que os novos elementos ou circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda.

O cambio de persoa beneficiaria deberá acreditarse documentalmente así como a subrogación na totalidade dos dereitos e das obrigas derivados da actuación apoiada e, especificamente, da operación obxecto de axuda. Presentarase a solicitude asinada pola nova persoa titular, xunto co consentimento da anterior persoa beneficiaria.

En ningún caso a resolución de modificación implicará aumentar a contía da axuda inicialmente aprobada.

5. No caso de modificacións das condicións da operación financeira unha vez formalizada, por parte da entidade de crédito e/ou da SGR, que supoñan unha mellora solicitada pola empresa (carencia intermedia, diferencial, etc.), poderán supoñer unha redución das axudas concedidas.

6. O Igape poderá rectificar, de oficio, a resolución cando dos elementos que figuren nela se deduza a existencia dun erro material, de feito ou aritmético.

Artigo 15. *Perda do dereito á subvención e reintegro das axudas*

1. Producirase a perda, total ou parcial, do dereito ao cobramento da subsidiación, no suposto de incumprimento das condicións establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, nas presentes bases reguladoras ou na resolución de concesión.

CVE-DOG: mzmehm6-sis2-jbk3-cgc3-kjxhh0c1p1g3



Así mesmo, de concorreren os motivos de incumprimento mencionados no parágrafo anterior, procederá o reintegro por parte da persoa beneficiaria da axuda pagada en concepto de subsidiación de gastos financeiros, xunto cos xuros de demora correspondentes. Os xuros de demora contaránse desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. O alcance do incumprimento determinarase do seguinte xeito:

a) Incumprimento total:

1º. Obter a axuda sen reunir as condicións requiridas nas bases reguladoras.

2º. Cando non permitan someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas.

Nos casos de incumprimento total, a persoa beneficiaria deberá reintegrar a totalidade da axuda pagada xunto cos xuros de demora. No caso de que a axuda aínda non fose pagada, perderá o dereito de cobramento da totalidade da axuda concedida.

b) Incumprimento parcial:

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro e/ou de perda do dereito de cobramento, segundo proceda, de xeito proporcional aos destinos da operación financeira deixados de practicar ou aplicados a outros distintos dos considerados na resolución de concesión, segundo os seguintes criterios:

1º. No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base de cálculo da axuda, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos deixados de practicar ou aplicados a outros distintos dos considerados inicialmente. A persoa beneficiaria deberá reintegrar a porcentaxe incumplida do importe concedido xunto cos xuros de demora. No caso de que a axuda aínda non fose pagada, perderá o dereito de cobramento da mesma na porcentaxe da axuda concedida.

2º. Con carácter xeral, se o incumprimento supera o 50 % do proxecto financiado, entenderase que o dito incumprimento é total e terá os efectos previstos na alínea a) anterior.



3. O procedemento para declarar o incumprimento e o reintegro de cantidades axustarase ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009, sendo competente para a súa resolución a persoa titular da Dirección Xeral do Igape.

Contra a súa resolución caberá recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela nos dous (2) meses seguintes á súa notificación e, potestativamente, recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape no mes seguinte á súa notificación.

4. No caso de amortización anticipada total ou parcial da operación durante o primeiro ano de vixencia, a titular deberá presentar ao Igape unha certificación bancaria dos xuros aboados durante o primeiro ano natural desde a formalización da operación de préstamo, e reintegrar ao Igape a subvención que exceda dos xuros efectivamente pagados nese período.

Artigo 16. *Control*

As persoas beneficiarias da bonificación prevista nestas bases quedan obrigadas a someterse ás actuacións de control que efectúen o Igape ou os órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das operacións financeiras acollidas a estas bases.

Artigo 17. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007; o Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L, do 15 de decembro) e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, observarase o disposto no artigo 30 da Lei 39/2015.

Artigo 18. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección da Área de Financiamento para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións, instrucións, aclaracións ou interpretacións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento destas bases reguladoras.



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS PARA FACILITAR O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE UVA POLAS ADEGAS DE ELABORACIÓN DE VIÑO ACOLLIDO ÁS DENOMINACIÓNS DE ORIXE E INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS PROTEXIDAS VITIVINÍCOLAS GALEGAS	IG408F	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR
PARROQUIA		LUGAR				
CP	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				
ACTIVIDADE						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
As notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do enderezo da internet https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual	
Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual , logo de identificación mediante certificado.	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:	
☐ Que obtivo na aplicación informática para cubrir solicitudes, https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual , un documento electrónico (IDE), cuxo identificador, e o seu código de comprobación, debe indicar a continuación de xeito obrigatorio. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.	
IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) - 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS - SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
☐ Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.	





INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

ANEXO I (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Para subvencións de importe superior a 30.000 €, deberá acreditarse o cumprimento dos prazos de pagamento que se establecen na Lei 3/2004 do seguinte xeito:
- As persoas físicas e xurídicas que, de acordo coa normativa contable, poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante certificación subscrita pola persoa física ou, no caso de persoas xurídicas, polo órgano de Administración ou equivalente, con poder de representación suficiente, en que afirmen alcanzar o nivel de cumprimento dos prazos de pagamento previstos na citada Lei 3/2004. Poderán tamén acreditar esta circunstancia por algún dos medios de proba previstos no punto seguinte e con suxeición á súa regulación.
 - As persoas xurídicas que, de acordo coa normativa contable, non poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante:
 - 1.º Certificación emitida por auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas que conteña unha transcripción desagregada da información en materia de pagamentos descrita na memoria das últimas contas anuais auditadas, cando delas se desprenda que se alcanza o nivel de cumprimento dos prazos de pagamento establecidos na Lei 3/2004, determinado neste punto, con base na información requirida pola disposición adicional terceira da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004. Esta certificación será válida ata que resulten auditadas as contas anuais do exercicio seguinte.
 - 2.º No caso de que non sexa posible emitir o certificado o que se refire o número anterior, Informe de procedementos acordados, elaborado por un auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que, con base na revisión dunha mostra representativa das facturas pendentes de pagamento a provedores da sociedade a unha data de referencia, conclúa sen a detección de excepcións ao cumprimento dos prazos de pagamento da Lei 3/2004, ou no caso de que se detectasen, estas non impidan alcanzar o nivel de cumprimento requirido no punto segundo da letra d) da disposición derradeira sexta da Lei 18/2022, do 28 de setembro, de creación e crecemento de empresas. Calquera financiamento que permita a cobranza anticipada da empresa provedora considerárase válida a efectos do cumprimento deste punto, a condición de que o seu custo corra a cargo do cliente e se faga sen posibilidade de recurso ao provedor en caso de falta de pagamento.
 - ☐ Comunicación/s por parte da/das entidade/s bancaria/s da/s operación/s concedida/s para adquisición de uva, coa seguinte información mínima: titular da operación, prazo de vixencia, prazo de carencia, calendario de amortización previsto, importe concedido, tipo de xuro fixo plicable durante o primeiro ano de vixencia, comisión de formalización, data de formalización e importe disposto.
 - ☐ Comunicación/s da/das SGR/s do/s aval/is concedido/s, no seu caso, coa seguinte información mínima: titular da operación, importe avalado, entidade de crédito ante quen se presta o aval, vixencia do aval, comisión de apertura e/ou estudo, comisión de aval anual e data de formalización.
 - ☐ Declaración responsable da persoa beneficiaria relativa ao importe total de uva adquirida a terceiros na campaña 2026 das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, incluíndo o IVE correspondente.
 - ☐ Anexo II de Comprobación de datos de terceiras persoas interesadas, se é o caso.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificado de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia	☐
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
Consulta de concesións pola regra de <i>minimis</i>	☐
Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Sí ☐ Non
NIF da entidade representante	☐ Sí ☐ Non
Alta no Imposto de actividades económicas (IAE)	☐ Sí ☐ Non
Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT	☐ Sí ☐ Non
Certificado da renda do último exercicio	☐ Sí ☐ Non



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICAANEXO I
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As sociedades de garantía recíproca e entidades financeiras colaboradoras na xestión das axudas.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 16 de xullo de 2026 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2026, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG408F).

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Xacobeo 2027

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SINATURA
			OPÓÑOME Á CONSULTA	
		DNI/NIE Certificado de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social Certificado de estar ao día no pagamento coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas Consulta de concesións pola regra <i>de minimis</i> Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas CONSENTIMENTO PARA A CONSULTA DE DATOS. No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente. Certificado da renda do último exercicio Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT	☐ O ☐ O ☐ O ☐ O ☐ O ☐ O AUTORIZO A CONSULTA ☐ O SI ☐ O Non ☐ O SI ☐ O Non	
		DNI/NIE Certificado de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social Certificado de estar ao día no pagamento coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas Consulta de concesións pola regra <i>de minimis</i> Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas CONSENTIMENTO PARA A CONSULTA DE DATOS. No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente. Certificado da renda do último exercicio Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT	☐ O ☐ O ☐ O ☐ O ☐ O ☐ O AUTORIZO A CONSULTA ☐ O SI ☐ O Non ☐ O SI ☐ O Non	
		DNI/NIE Certificado de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social Certificado de estar ao día no pagamento coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas Consulta de concesións pola regra <i>de minimis</i> Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas CONSENTIMENTO PARA A CONSULTA DE DATOS. No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente. Certificado da renda do último exercicio Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT	☐ O ☐ O ☐ O ☐ O ☐ O ☐ O AUTORIZO A CONSULTA ☐ O SI ☐ O Non ☐ O SI ☐ O Non	

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

ANEXO II
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As sociedades de garantía recíproca e entidades financeiras colaboradoras na xestión das axudas.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Lugar e data		,		de		de	
--------------	--	---	--	----	--	----	--

Xacobeo  2027

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

ANEXO III

XUSTIFICACIÓN

IG408F - AXUDAS PARA FACILITAR O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE UVA POLAS ADEGAS DE ELABORACIÓN DE VIÑO
ACOLLIDO ÁS DENOMINACIÓNS DE ORIXE E INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS PROTEXIDAS VITIVINÍCOLAS GALEGAS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO			
EXPEDIENTE NÚM.			
DATA RESOLUCIÓN	SUMA PRÉSTAMOS CONCEDIDOS	DATA DE REMATE DO PRAZO DE DISPOSICIÓN E UTILIZACIÓN	SUBSIDIACIÓN CONCEDIDA €

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

☐ Que obtivo na aplicación informática para cubrir o formulario de xustificación, <http://tramita.igape.es>, un documento electrónico (IDEL), cuxo identificador, e o seu código de comprobación, debe indicar a continuación de xeito obrigatorio. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude. Este IDEL é un código novo, non é válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO DE LIQUIDACIÓN (IDEL) - 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS - SHA 1 160 BITS

CÓDIGO DE COMPROBACIÓN

- ☐ Que a operación financeira foi destinada aos conceptos establecidos na resolución de concesión e nas bases reguladoras, segundo resulta da conta xustificativa simplificada que se achega no formulario electrónico de xustificación a que se refire esta solicitude, e que se reflicte fielmente na contabilidade da empresa.
- ☐ Para axudas de importe superior a 30.000 €, que presenta a documentación requirida no artigo 12 das bases reguladoras.
- ☐ Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.
- ☐ Que solicita a tramitación desta solicitude de xustificación.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data					

Xacobeo  2027

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



CVE-DOG: mzmhehm6-sis2-jbk3-cgc3-kjxhh0c1p1g3



Xacobeo  2027



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

ANEXO IV
MODELO DE CARTEL

AXUDA DO IGAPE PARA FACILITAR O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE UVA POLAS ADEGAS DE ELABORACIÓN DE VIÑO ACOLLIDO ÁS DENOMINACIÓNS DE ORIXE E INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS PROTEXIDAS VITIVINÍCOLAS GALEGAS PARA A CAMPAÑA 2026

NOME/RAZÓN SOCIAL:

NÚM. DE EXPEDIENTE:



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN 1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>